

CIG-Saúde reclama ao Ministerio unha clasificación profesional que responda ás necesidades

O día 5 de maio de 2022 o Ministerio de Sanidade presentou, para tramite de información e audiencia pública, o Anteproxecto de Lei polo que se modifica a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. O 30 de maio de 2022 tivo lugar a primeira reunión do “Ámbito de Negociación”, que é o equivalente á nosa Mesa Sectorial para os temas de recursos humanos de competencia estatal. Con esa reunión deu comezo a negociación do que agardabamos que sería o novo Estatuto Marco.

CIG-Saúde non apoiou o Estatuto Marco do 2003, nin as modificacións posteriores, e leva anos reclamando a negociación dun verdadeiro Estatuto Marco que regule as relacións laborais e profesionais das persoas que traballamos na sanidade pública, nos aspectos que son competencia estatal respectando as competencias que recolle o noso Estatuto de Autonomía.

CIG-Saúde entende que é unha decisión política que o Ministerio de Sanidade non aposte por facer a clasificación profesional

O persoal estatutario da sanidade pública ten unhas características propias que o diferencian do resto de traballadoras e traballadores públicos, os altos requisitos de titulación e especialización, o incremento da complexidade e requirimentos técnicos, a prestación asistencial as 24 horas do día e todos os días do ano, a sobrecarga física e psicolóxica, a responsabilidade profesional e tamén social polo traballo que facemos, etc. Por todo isto era necesario apostar por un novo Estatuto Marco que non fora subsidiario de outras normas legais aprobadas con posterioridade, como o Estatuto Básico do Empregado Público, que condicionaron as posibilidades de crecemento e actualización do noso marco legal en ámbitos tan importantes como a nosa clasificación profesional.



MANUEL GONZÁLEZ MOREIRA, secretario nacional de CIG-Saúde

CIG-Saúde apostou por participar activamente na negociación do novo Estatuto Marco xa que, grazas a representación sindical que nos outorgan as traballadoras e traballadores da sanidade pública, estamos presentes no “Ámbito de Negociación”.

A nosa proposta foi traballar por unha nova lei que recollera todo o que nos é propio como persoal estatutario, entre outros temas:

- A adaptación á realidade actual da clasificación profesional do persoal Estatutario, tendo en conta as exixencias de formación, titulación, especialización, funcións e responsabilidade e que se estableza un réxime extraordinario de adaptación da situación actual aos novos requirimentos.
- A definición básica actualizada das funcións e competencias das categorías profesionais.
- A regulación básica da xornada e réxime de descansos adaptada á realidade actual, rematando coa ambigüidade da redacción actual, sempre garantindo a capacidade de resposta ás necesidades asistenciais excepcionais.
- A regulación, no novo Estatuto Marco de xeito explícito, do dereito á xubilación anticipada e parcial así como a aplicación dos contratos relevo do persoal Estatutario.
- A creación e criterios de actualización dun rexistro de profesionais e dun catálogo de postos de traballo en cada servizo de saúde que permita a trazabilidade dos postos e o control do uso de contratos temporais para cubrir necesidades estruturais.
- O establecemento de criterios básicos de planificación das necesidades de profesionais e rematar coa taxa de reposición como única ferramenta de xestión das ofertas públicas de emprego.
- A promoción da dedicación exclusiva á sani-

dade pública polo valor engadido que aporta e recoñecelo creando un complemento retributivo polo exercicio da dedicación exclusiva.

- A adaptación das retribucións básicas do persoal estatutario ás novas categorías profesionais, incorporando a totalidade dos conceptos retributivos ás pagas extraordinarias.
- O establecemento dunha norma básica de carreira profesional para todo o persoal estatutario tanto fixo como temporal e actualizar os criterios de homologación.
- A regulación básica sobre permisos e sobre conciliación laboral e familiar.
- A creación dun sistema de información transparente das regulacións propias de cada servizo de saúde que permita realizar comparacións entre as condicións de traballo dos diferentes servizos de saúde.

Con todos estes temas sobre a mesa de negociación transcorreran dous anos de traballo, interrompidos por un proceso electoral, nos que fomos revisando todos os capítulos do actual Estatuto agás dous, o capítulo II. Clasificación do persoal estatutario. e o capítulo X. Xornada de traballo, permisos e licenzas.

Sobre a xornada laboral, o Ministerio de Sanidade lanzou algún globo sonda sobre a posibilidade de establecer unha xornada máxima de 17 horas na suma de xornada ordinaria máis atención continuada ou xornada complementaria. Esta proposta non foi aínda plasmada nun texto concreto.

O tema da clasificación profesional é claramente unha materia pendente que ben podería xustificar por si soa a modificación do Estatuto Marco. O novo Estatuto Marco era a ocasión para rematar coa débeda pendente con determinadas categorías profesionais desde a entrada en vigor do EBEP (Lei 7/2007, de 12 de abril), que ao manter en vigor a súa disposición transitoria terceira, paraliza a aplicación do seu artigo 76 que adaptaba os grupos de clasificación profesional ás, daquela, novas titulacións.

A exixencia de que a clasificación profesional do persoal Estatutario, teña en conta as exixencias de formación, titulación, especialización, funcións e responsabilidades chocou con Función Pública na súa intención de manter o control sobre a clasificación profesional do conxunto das persoas empregadas públicas, pero sen tomar decisións que permitiran rematar coa disposición transitoria terceira e aplicar o artigo 76 do EBEP.



Reunión telemática de representantes de CIG Saúde coa ministra de Sanidade, Mónica García

CIG-Saúde, o 15 de abril de 2024, mantivo unha reunión coa nova directora xeral de Función Pública, Isabel Borrel Roncalés, e o subdirector xeral de Relacións Laborais, Eusebio Jiménez Arroyo, dependentes do novo Ministerio para a transformación dixital e Función Pública, para coñecer cales eran as súas intencións ao respecto da posibilidade de establecer no novo Estatuto Marco a clasificación profesional que precisamos. A resposta foi positiva e quedaron en trasladar ao Ministerio de Sanidade un informe cos criterios para unha nova clasificación e para a súa homologación coa do conxunto da Función Pública, que tamén está nunha fase de transformación.

Diante da falta de proposta de nova redacción do capítulo II do novo estatuto Marco por parte do Ministerio de Sanidade, solicitamos unha reunión coa ministra de Sanidade, Mónica García, que se produciu o 16 de maio, nela manifestamos, entre outros temas, a nosa preocupación pola marcha da negociación do novo Estatuto e a falta de posición por parte do Ministerio sobre aspectos, para nós, fundamentais como a xubilación do persoal estatutario, a regulación da xornada ou a clasificación profesional.

Despois desta reunión, no “Ámbito de Negociación” estableceuse un calendario de reunións intensivo coa idea de que o Ministerio de Sanidade puidera ter unha proposta de lei para presentar no Parlamento antes do seu peche no verán. Este calendario non se cumpriu, o Ministerio de Sanidade anulou as convocatorias pendentes co compromiso de mandar un documento coa súa posición sobre os capítulos xa revisados e unha proposta de clasificación e xornada para negociar. A día de hoxe nada disto chegou.

CIG-Saúde entende que a decisión de facer unha clasificación profesional que responda ás necesidades reais da sanidade pública, e que permita adaptarse ás modificacións futuras de criterios de formación e titulación de determinadas profesións, é unha decisión política e reclama do Ministerio de Sanidade que aposte realmente pola sanidade pública tomando decisións como esta.